

PROGRAMA "VIVENDAS NO CAMIÑO"

Axudas ó ARI Camiños de Santiago.

Cómo solicitar a participación para as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, de acordo co programa de rexeneración e renovacións urbanas do Plan estatal 2013-2016.

Páxina web:

<http://igvs.es/web/actuamos/858>

Ámbito da ARI

A delimitación da ARI comprende o trazado das sete rutas do Camiño en Galicia, entre elas o camiño:

- Inglés. Dende Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela

Particularidades do ámbito:

- Non se inclúen as vivendas que figuren dentro dos ámbitos doutra ARI xa declarada. (No caso de Betanzos non se inclúen as zonas do camiño que se atopan dentro do ARCH, que comprende o Casco Histórico, a súa zona de protección, o barrio da Magdalena e o Barrio da Nosa Señora do Camiño).
- Nos concellos rurais as axudas son aplicables na totalidade da parroquia (excepto no indicado no punto seguinte). En Betanzos están incluídas as parroquias de Requián e Tiobre.
- Nas conexións coas cidades e vilas limitarase o ámbito exclusivamente ao trazado do Camiño. É o trazado do camiño dentro do municipio de Betanzos que non esté dentro do ARCH (área de rehabilitación do casco histórico).

Persoas beneficiarias:

- Persoas físicas propietarias únicas de edificios ou de vivendas.
- Comunidades de propietarios/as de vivendas.
- Agrupacións de comunidades de propietarios/as de vivendas.

Sempre que non incorran nas prohibicións para ser beneficiario dunha subvención establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Actuacións protexibles:

- Consideraranse actuacións protexibles a execución de obras ou traballos de mantemento e intervención en vivendas, edificios de vivendas e vivendas unifamiliares a fin adecuadas á normativa vixente.
- As actuacións protexibles serán as comprendidas no catálogo de actuacións incorporado como anexo I á Orde de 29 de maio de 2017 (DOG, nº 112, do 14 de xuño).

As actuacións contempladas son as seguintes:

I.- OBRAS DE MANTEMENTO A FIN DE ADECUAR OS EDIFICIOS Á NORMATIVA VIXENTE

1. Actuacións destinadas a garantir a seguridade

- As actuacións necesarias de reforzo, reparación ou consolidación da estrutura portante do edificio para garantir as condicións de seguridade necesarias e para evitar deformacións na estrutura que produzan danos noutros elementos da edificación.
- As actuacións necesarias para eliminar, reparar ou substituír aqueles elementos construtivos que polo seu estado de conservación ou polas súas características podan supor un risco para os usuarios do edificio ou producir danos nos edificios ou espazos contiguos.
- As actuacións necesarias para garantir a protección dos edificios fronte ao lume e garantir a seguridade en caso de incendio. Inclúense neste apartado as actuacións dirixidas a evitar a propagación do lume en caso de incendio, instalar ou reparar os sistemas de protección contra incendios, illar a estrutura do edificio para garantir a súa resistencia en caso de incendio así como as actuacións necesarias para facilitar a evacuación do edificio en caso de incendio.
- A execución das obras precisas para garantir a utilización do edificio en condicións de seguridade eliminando o risco de caídas, de danos por impacto, atrapamento ou aprisionamento.
- A protección do edificio fronte a acción do raio.

2. Actuacións destinadas a garantir a protección fronte a auga e a humidade

- As actuacións sobre as fachadas, carpintería exterior e cubertas das edificacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte a auga de chuvia.
- As actuacións que teñan por obxecto protexer o edificio fronte a auga proveniente do terreo.
- As actuacións que teñan por obxecto evitar a condensación da auga nos paramentos ou elementos construtivos da vivenda mediante a eliminación de pontes térmicas, o establecemento de elementos ou sistemas de ventilación, o incremento do illamento térmico, a colocación de barreiras fronte o vapor de auga, etc..

3. Actuacións destinadas a garantir as condicións de salubridade da vivenda

- Establecemento de sistemas de ventilación, activa ou pasiva que garantan a calidade do ar interior.
- Execución de medidas para evitar a entrada no edificio do gas radón ou adopción de medidas para garantir a súa eliminación do interior das vivendas.
- Actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas de subministro de auga.
- Actuacións de reparación ou dotación das instalacións axeitadas de evacuación de augas residuais.

4. Actuacións destinadas a adecuar, total ou parcialmente, á normativa vixente as instalacións dos edificios e vivendas

Estas actuacións inclúen as de reparación, actualización, mellora ou substitución das instalacións indicadas a continuación co fin de garantir as súas adecuadas prestacións ou adaptalas total ou parcialmente á normativa específica de aplicación:

- Instalacións de abastecemento de auga
- Instalacións de evacuación de augas residuais
- Instalacións de electricidade.
- Instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións.
- Instalacións de ascensores.
- Instalacións de auga quente sanitaria.
- Instalacións térmicas dos edificios
- Instalacións de subministración e almacenamento de combustibles

5. Actuacións destinadas garantir que as edificacións cumpran as condicións de ornato público, adecuación ao entorno e de protección do patrimonio cultural ou paisaxístico

- Obras destinadas á reparación ou adecuación das edificacións para garantir o ornato público esixible.
- O remate de fachadas con materiais axeitados ao contorno cando aquelas teñan á vista elementos concibidos para ser revestidos.
- A eliminación e substitución de materiais, elementos ou sistemas construtivos das edificacións que non resulten congruentes co seu contorno.
- As obras de reparación, rehabilitación e/ou conservación de fachadas, carpintería exterior ou cuberta das edificacións mediante o emprego de materiais que polas súas características e cores resulten acordes cos das edificacións tradicionais do contorno e ca paisaxe no que estean emprazados
- En xeral, todas aquelas destinadas a garantir a harmonización das edificacións coas edificacións tradicionais ou históricas do seu contorno e co medio natural onde estean emprazadas.
- As actuacións que teñan por obxecto adecuar os edificios ás esixencias derivadas da normativa sobre protección do patrimonio cultural ou paisaxístico.

II.- OBRAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO E VIVENDA

1. Actuacións destinadas a reducir a demanda enerxética dos edificios e vivendas e reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro

- A execución de obras destinadas reducir a demanda enerxética da vivenda, mediante o incremento do illamento térmico, a colocación de dobre carpintería ou substitución da existente por outra de maiores prestacións térmicas ou calquera outra medida que teña por obxecto a redución da demanda enerxética.
- As obras ou actuacións destinadas a mellorar o rendemento das instalacións térmicas dos edificios e vivendas.

- A substitución dos sistemas de produción de enerxía térmica por outros que impliquen unha menor emisión de gases de efecto invernadoiro ou que utilicen enerxías renovables.
- A colocación, reparación ou mellora dos sistemas de captación da enerxía solar para produción de auga quente sanitaria.
- As actuacións tendentes a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.

III.- OBRAS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNIS DE ACCESIBILIDADE AOS EDIFICIOS E OS ACCESOS ÁS VIVENDAS E LOCAIS E A SÚA ADAPTACIÓN Á NORMATIVA ENERXÉTICA

1. Actuacións destinadas a garantir a accesibilidade dos edificios e vivendas e a súa correcta utilización por persoas con limitacións sensoriais ou motrices.

Considéranse protexibles as seguintes actuacións cando teñan por obxecto garantir a accesibilidade aos edificios e vivendas ou facilitar a súa utilización por persoas con limitacións sensoriais ou motrices:

- A eliminación das barreiras arquitectónicas que poidan supor un atranco para a súa utilización.
- A execución de obras ou instalacións así como a súa adecuación para a utilización por estas persoas.
- A instalación de mobiliario de cociña adaptado.
- A execución de baños e aseos ou a adaptación destes ou dos seus elementos.
- A adecuación dos espazos da vivenda co obxecto de permitir ou facilitar a súa correcta utilización.
- A adición e acondicionamento á vivenda de espazos que tiveran un uso distinto ao de vivenda cando aquela non reunise os requisitos de accesibilidade precisos.

En ningún caso se considerarán protexibles as seguintes actuacións:

- As que supoñan a demolición ou baleirado interior das edificacións, coa excepción dos casos en que sexa preciso para garantir as condicións de accesibilidade ou para adecuar ou executar as instalacións dos edificios.
- As obras que impliquen unha redistribución dos espazos dos edificios e vivendas.

Contía das axudas:

- O gasto subvencionable fixado na cualificación definitiva determinarase logo da comprobación da execución de todas as obras e da emisión do informe favorable dos servizos técnicos das Áreas Provinciais do IGVS, en atención ás facturas e documentos bancarios de pagamento que se presenten como xustificación destas.
- A contía máxima da axuda contida na prórroga do Plan estatal 2013-2016 terá un importe de 11.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder do 35% do custo subvencionable, reflectido na cualificación definitiva.
- As axudas autonómicas terán un importe máximo de 4.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación, sen que en ningún caso poida exceder do 10% do custo subvencionable da actuación reflectida na cualificación definitiva.

Procedemento:

1º paso: solicitar a cualificación provisional

Para participar neste programa as persoas interesadas deberán solicitar a cualificación provisional das actuacións de rehabilitación e executar as obras de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

Prazo de presentación de solicitudes de cualificación provisional:

A cualificación provisional pode solicitarse en calquera momento anterior á finalización das obras.

O prazo de presentación de solicitudes pecharase por resolución da dirección xeral do IGVS en atención ao número de solicitudes presentadas e á dotación orzamentaria dispoñible. A resolución de peche do prazo de presentación de solicitudes publicárase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web do IGVS.

2º paso: solicitar a cualificación definitiva

No prazo máximo dun mes dende o remate das obras, e sempre antes do cumprimento do prazo máximo de execución fixado na resolución de cualificación provisional, a persoa promotora deberá solicitar á correspondente Área provincial do IGVS, a cualificación definitiva das actuacións.

3º paso: solicitar a axuda

No DOG nº 17, do 24 de xaneiro de 2018, publicouse a Resolución do 27 de decembro de 2017 pola que se convocan as axudas da ARI dos Camiños de Santiago para o ano 2018.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 25 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2018.

Para poder acceder ás subvención é necesario que actuación de rehabilitación do edificio ou vivenda conte coa correspondente resolución de cualificación definitiva.

Non esqueza

O outorgamento da cualificación provisional ou definitiva non implica o recoñecemento do outorgamento da subvención, a cal deberá ser solicitada ao abeiro da correspondente convocatoria.

Incompatibilidades:

Non poderán obter os beneficios deste programa para as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago as persoas beneficiarias das axudas do programa de rehabilitación edificatoria da prórroga do Plan estatal 2013–2016.

Tampouco poderán beneficiarse destas axudas as vivendas incluídas no ámbito doutras ARI xa declaradas.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

¿QUÉ DEBE SABER?

Respecto ás actuacións:

As actuacións deberán axustarse ao proxecto de execución das obras presentado coa solicitude ou, no seu caso, á memoria subscrita por persoal técnico competente.

No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, será requisito necesario contar co correspondente informe de avaliación dos edificios.

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións de rehabilitación deberán terse iniciado con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2013-2016 (11 de abril de 2013) e en ningún caso estar finalizadas antes da presentación da solicitude de cualificación provisional.

Respecto á documentación que terá que presentar:

É importante que saiba que terá que presentar toda a documentación requirida nas bases e na convocatoria, entre a que destaca:

Reportaxe fotográfica que amose as obras realizadas.

Facturas das persoas proveedoras que participaron na execucións das obras, que deberán reflectir de xeito desagregado o seu importe e a súa descrición conforme o anexo VII da Orde de 22 de decembro de 2015 pola que se abre o prazo para solicitar a participación para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago (DOG 28-12-2015).

Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagos en efectivo, nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do proveedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

Licenzas e/ou autorizacións preceptivas.

Certificado do inicio das obras, no caso de non ter iniciadas as obras con anterioridade á resolución desta orde, emitido polo/a técnico/a responsable da obra ou, no seu caso, pola empresa contratista.

Certificado do remate das obras e, de ser o caso, certificado de instalacións térmicas, eléctricas ou da posta en marcha de ascensor tramitado ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Copia de, a lo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo a executar supere a contía de 30.000 €. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Máis información:

A CORUÑA	981 294 872 / 981 151 464 aricscoruna@xesturgalicia.com
LUGO	982 889 264 / 982 889 260 aricslugo@xesturgalicia.com
OURENSE	988 788 683 aricsourense@xesturgalicia.com
VIGO / PONTEVEDRA	986 266 477 aricspontevedra@xesturgalicia.com

Requisitos

1.As actuacións deberán axustarse ao proxecto de execución das obras presentado coa solicitude ou, de ser o caso, á memoria subscripta polo/a técnico/a competente.

O proxecto ou a memoria técnica deberá conter todas as especificacións que xustifiquen a rehabilitación do edificio ou vivenda, así como un resumo en capítulos dos tipos de obra que se vaia executar, sinalando o seu importe. No suposto de que as obras supoñan unha mellora da eficiencia enerxética, deberá especificarse a porcentaxe da dita mellora respecto da situación de partida.

O proxecto ou memoria técnica deberá conter, ademais, os seguintes datos do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se vaian realizar.

As actuacións que se vaian executar deberán especificarse de conformidade coa desagregación establecida no modelo de solicitude que se xunta como anexo II.

2.No caso de realizarse actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva, será requisito necesario contar co correspondente informe de avaliación, cuxo contido debe axustarse ao modelo tipo previsto no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, así como co acordo validamente adoptado da comunidade de propietarios/as ou agrupación de comunidades de propietarios/as.

3. Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

4.As actuacións de rehabilitación deberán terse iniciado con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2013-2016 e en ningún caso deberán estar finalizadas na data da publicación desta orde.

5,O prazo máximo de execución e xustificación do pagamento das obras será o 31 de outubro de 2016.

6. As actuacións protexibles incluírán, para os efectos da determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

7. O custo protexible subvencionable das obras, incluíndo os gastos sinalados no número anterior, non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia 2011 ou normativa que a substitúa.

Documentación para a presentación

Documentación complementaria para a solicitude de **calificación provisional**:

-Copia do DNI ou NIE da persoa física, propietaria única do edificio ou vivenda, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.

De ser o caso, acreditación da representación da persoa que actúe no nome da persoa propietaria única do edificio

Copia do DNI do representante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta

No caso de persoa física, propietaria única do edificio ou vivenda, documentación acreditativa da titularidade do inmovible.

Acta de constitución da comunidade de propietarios/as ou do documento de constitución como agrupación de comunidades de propietarios/as.

Certificado da persoa que exerza as funcións de secretario/a da comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, en que se recolla tanto o acordo de participar no programa de rexeneración e renovación urbanas do ARI dos Camiños de Santiago, como o nomeamento da persoa que represente na tramitación do expediente a comunidade de propietarios/as ou da agrupación de comunidades de propietarios/as, conforme ao modelo que se xunta a esta orde como anexo IV.

-Anexo V debidamente cuberto, en que se relacionan as vivendas e locais do edificio.

-Relación das persoas propietarias das vivendas e locais do edificio partícipes nas actuacións de rehabilitación, conforme ao anexo VI.

-De ser o caso, informe de avaliación do edificio de tipoloxía residencial colectiva en formato dixitalizado, cos contidos que figuran no anexo II do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, ou documento análogo que inclúa todos os aspectos que forman parte do citado anexo, cubertos e subscritos por técnico/a competente e emitidos con anterioridade á presentación da solicitude da axuda

-Proxecto ou memoria das actuacións de rehabilitación que se pretenden realizar, redactada por técnico/a competente.

-Plano de situación da vivenda.

-Certificado do inicio das obras, no caso de obras iniciadas con anterioridade á data da publicación desta orde, emitido polo/a técnico/a responsable da obra ou, no seu caso, pola empresa contratista.

- Documentación complementaria para a solicitude de **calificación definitiva**:
- DNI da persoa solicitante ou do representante, para o suposto de non ter autorizado a súa consulta.
- Reportaxe fotográfica que amose as obras realizadas.
- Memoria en que se describan as actuacións realizadas e en que se xustifique, de ser o caso, o aforro enerxético derivado da actuación.
- Facturas das persoas provedoras que participaron na execucións das obras, que deberán reflectir de xeito desagregado o seu importe e a súa descrición conforme o anexo VII.
- Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a traves da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.
- Licenzas e/ ou autorizacións preceptivas.
- Certificado do inicio das obras, no caso de non ter iniciadas as obras con anterioridade á resolución desta orde, emitido polo/a técnico/a responsable da obra ou, de ser o caso, pola empresa contratista.
- Certificado do remate das obras e, de ser o caso, certificado de instalacións termicas, electricas ou da posta en marcha de ascensor tramitado ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- Certificado emitido pola empresa que executou as obras, en que se recolla o seu nome, enderezo e NIF.
- Copia de, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, no suposto de que o importe do custo que se vai executar supere a contía de 30.000 €. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía. Deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Prazo de resolución: Dous meses, a contar desde a data da presentación da solicitude da cualificación provisional

Sentido do silencio: Negativo

ANEXO II Solicitude